

MISIÓN COMERCIAL DIRECTA

SIAL CHINA 2026

Internacionalización e oportunidades comerciais en Asia



14 – 19 Maio



Shanghái. China

SIAL
INSPIRE FOOD BUSINESS

INSPIRE
FOOD
BUSINESS

SIAL Shanghai

SIAL Global Food Industry Summit

18th - 20th May 2026

Shanghai New International Expo Centre
(SNIEC)

Misión Comercial Directa a Shanghái – Feira SIAL China 2026

O **Clúster Alimentario de Galicia** organiza a participación das empresas alimentarias e de bebidas galegas na próxima edición de **SIAL China 2026**, reforzando a súa estratexia de **internacionalización e acceso ao mercado asiático**.

China é un dos mercados alimentarios con maior crecemento do mundo, cunha demanda crecente de produtos de **calidade, premium e innovadores**, especialmente nos segmentos de alimentación saudable, gourmet e delicatessen. A presenza neste mercado ofrece oportunidades para **exportar, establecer contactos comerciais e consolidar alianzas estratéxicas**.

SIAL China é unha das feiras agroalimentarias máis relevantes de Asia, reunindo fabricantes, distribuidores, importadores e compradores profesionais internacionais. Na súa última edición participaron máis de **4.000 expositores e 110.000 visitantes**, incluíndo **importadores, distribuidores, cadeas de distribución e profesionais do canal Horeca**, converténdoa nun escaparate para coñecer tendencias, innovacións e oportunidades de negocio.

MÁIS INFORMACIÓN

Para máis detalles sobre a feira, pódese consultar a web oficial www.sialchina.com

Misión Comercial Directa con axenda de negocio

A misión desenvolverase entre o **14 e o 16 de maio**, con encontros comerciais previos organizados por Clusaga con compradores e distribuidores locais.

Inclúe **visita á feira SIAL China** os días **18 e 19 de maio**, con acceso a un **espazo de reunións no centro de negocios da feira**.

Dirixida a empresas de alimentación e bebidas galegas, permitíndolles **presentar produtos, establecer contactos e explorar oportunidades de exportación**. Ademais de participar en **actividades complementarias**, incluíndo foros e eventos de networking e **visitas a centros comerciais (store check)** para coñecer tendencias do mercado.

Exposición en SIAL China

Complementario á misión comercial, as empresas galegas poden participar na feira alternativamente:

- **Pavillón de Galicia – Consellería do Mar**: para empresas do **sector mar-industria**. Inclúe presentacións, degustacións e axenda de reunións.
- **Pavillón España de FIAB**: para empresas do **sector agroalimentario**, no **stand agrupado de FIAB**, garantindo visibilidade internacional e contactos con compradores, distribuidores e prescriptores.

Detalles da participación

As empresas participantes poden acceder a beneficios e subvencións que cobren:

Participación en axenda comercial, incluída a reunións de negocio organizadas por Clusaga a través do Programa Competemar, así como as actividades complementarias.

Stand institucional e envío de mostras, nas condición dos programas Feimar da Consellería do Mar e de feiras de FIAB.

Viaxe e aloxamento, que pode subvencionarse a través do Plan FOEXGA da cámara de Coruña ou acceder aos cheques de viaxe do Programa Competemar de Clusaga.

Máis información

✉ global@clusaga.org ☎ 881 023 853

MANIFESTACIÓN DE INTERESE